

Resolución do 2 de xaneiro de 2020, da Universidade De Santiago De Compostela, pola que se convoca a preselección por concurso publico de méritos, para poder concorrer á vindeira *Convocatoria da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a atracción e retención de talento investigador na categoría de persoal investigador distinguido nas universidades do Sistema universitario de Galicia.*

A Universidade de Santiago de Compostela, convoca a preselección por concurso publico de méritos, co fin de que as 10 persoas que acaden maior puntuación na modalidade de atracción e 5 na modalidade de retención poidan concorrer á vindeira *Convocatoria da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a atracción e retención de talento investigador na categoría de persoal investigador distinguido nas universidades do Sistema Universitario de Galicia* de acordo coas seguintes bases.

1.- NORMAS XERAIS

Este procedemento réxese polo disposto nos *Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela*, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro; na *Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades*, modificada pola *Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril* (en diante, LOU); na *Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación*, na *Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia*, e, supletoriamente, na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas* (en diante, LPACAP) e na *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público* (en diante, LRXSP)

2.- OBXECTO

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, proximamente, vai por en marcha un programa de incorporación de recursos humanos posdoutorais ás universidades do SUG en áreas estratéxicas de investigación seleccionadas polas universidades e pola propia consellería. Para estes efectos, e de conformidade co acordado no Consello da Xunta o do 26 de decembro, a dita Consellería convocará

proximamente as axudas para a atracción e retención de talento investigador para o ano 2020.

A posta en marcha deste programa suporá a incorporación de talento investigador aos centros de investigación do SUG, agrupacións estratéxicas e campus de especialización como estruturas de investigación das universidades do SUG que alcanzaron unha madurez demostrada na aglutinación de recursos e na agregación de capacidades científico-técnicas.

A referida convocatoria proporá a contratación mediante a figura do persoal investigador distinguido do artigo 23 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, a través do financiamento de contratos de catro anos de duración, coas condicións que se recollerán nas bases da referida convocatoria con dúas modalidades:

– **Modalidade atracción**, destinada á atracción e incorporación aos centros de investigación do SUG con acreditación vixente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, agrupacións estratéxicas acreditadas pola Xunta de Galicia na modalidade A no ano 2018, unidades de excelencia María de Maeztu e centros de excelencia Severo Ochoa, radicados en Galicia e con acreditación vixente, de persoal investigador de recoñecida traxectoria. No caso da USC son: CIQUS, CIMUS, CITIUS, IGFAE e a Agrupación Estratéxica CRETUS.

– **Modalidade retención**: orientada á contratación e promoción de persoal investigador actualmente vinculado ás universidades do SUG, nos campus de especialización do SUG e/ou áreas de coñecemento fixadas previamente como estratéxicas polas universidades. A Universidade de Santiago, acordou no Consello de Goberno do 28 de maio de 2019, as áreas de coñecemento estratéxicas definidas no anexo I desta convocatoria

As beneficiarias destas axudas serán as Universidades galegas, as cales presentarán ata un **máximo de 10 solicitudes para a modalidade de atracción** (ata un máximo de 2 por cada unidade de investigación contemplada na convocatoria) e ata un **máximo de 5 solicitudes para a modalidade de retención**.

Para estes efectos, a Universidade de Santiago de Compostela realiza unha **CONVOCATORIA DE PRESELECCIÓN**, cuxa finalidade é crear unha listaxe ordenada de persoas candidatas que poderán concorrer, finalmente, á *Convocatoria da*

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a atracción e retención de talento investigador na categoría de persoal investigador distinguido nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

3.-REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

A) Xerais:

Para seren admitidos, ademais dos requisitos específicos esixidos na modalidade para a que realicen a súa solicitude, deberán cumprir, no día de remate de presentación de solicitudes, os seguintes **requisitos de carácter xeral**:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra de conformidade co artigo 52 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que permita o acceso ao emprego público.
- b) Estar en posesión da titulación e demais requisitos esixidos na convocatoria para cada categoría no momento do remate do prazo de solicitudes.
- d) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.
- e) No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- f) Ter cumpridos os dezaseis anos.
- g) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- h) Acreditar, se é o caso, a capacitación establecida pola Orde ECC/566/2015 do 20 de marzo, ou a que a substitúa, pola que se establecen os requisitos de capacitación que debe cumprir o persoal que manexe animais empregados, criados ou subministrados

con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, cando o traballo a realizar comprenda, en todo ou en parte, o uso ou manexo de animais.

i) Acreditar, no suposto de que a actividade a desenvolver implique o contacto habitual con menores de idade, a carencia de delitos sexuais mediante certificado negativo do Rexistro Central de Delincentes Sexuais, de conformidade coa Lei orgánica 1/1996 de protección xurídica do menor ou norma que a substitúa.

B) Específicos:

En función da modalidade, os requisitos son os seguintes:

| |
|-----------------------------|
| Modalidade atracción |
|-----------------------------|

✓ Requisitos

As persoas solicitantes deberán cumprir na data límite de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:

1. Estar en posesión do grao de doutor e que este fose obtido a partir do 1 de xaneiro de 2007. Entenderase como data de obtención do grao de doutor, a data do acto de defensa e aprobación da tese doutoral.

No caso das persoas investigadoras solicitantes que estean en posesión de máis dun título de doutor, o requisito anterior referirase ao primeiro dos títulos obtidos.

Cando conorra algunha das situacións que se citan a continuación poderase aplicar unha ampliación da data límite para a obtención do grao de doutor indicada (1 de xaneiro de 2007), sempre que os períodos de interrupción derivados de tales situacións se producisen entre o 1 de xaneiro de 2007 e a data de peche do prazo de presentación de solicitudes e:

a) Períodos de descanso derivados de maternidades ou paternidades gozados consonte as situacións protexidas que se recollen no Réxime xeral da Seguridade Social. Aplicarase unha ampliación dun ano por cada fillo ou filla.

b) Grave enfermidade ou accidente da persoa candidata, con baixa médica igual ou superior a tres meses. Aplicarase unha ampliación igual ao período de baixa xustificado, redondeando á alza a meses completos.

c) Atención a persoas en situación de dependencia, consonte o disposto na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, por un período mínimo de tres meses. Aplicarase unha ampliación igual ao período xustificado, redondeando a alza a meses completos.

Estes períodos indicaranse e acreditarán debidamente no momento de presentar a solicitude.

2. Ter un mínimo de 4 anos de experiencia posdoutoral, dos cales polo menos dous anos sexan de estadía no estranxeiro (non computarán como tales as estadias no país de nacemento, no de nacionalidade, naquel no que obtivo o título de licenciatura, grao ou equivalente). Esta experiencia deberá estar debidamente acreditada (contratos e/ou bolsas, de carácter remunerado).

3. Que non fosen contratados por unha universidade do SUG, baixo ningunha modalidade de contratación, nos 24 meses anteriores á data límite de presentación de solicitudes.

✓ **Avaliación e preselección das solicitudes**

A avaliación e preselección a realizarase de acordo co baremo que se sinala a continuación:

Méritos curriculares da persoa candidata. Puntuación de 0 a 100 puntos.

1º. Achegas científicas. Valoraranse a relevancia e a contribución da persoa candidata nos artigos publicados en revistas científicas, os libros ou capítulos de libros científicos e técnicos, os traballos presentados en congresos, as patentes concedidas ou licenciadas, e, en xeral, en calquera outra achega que permita valorar os diferentes aspectos da investigación, incluíndo a transferencia de tecnoloxía. Darase especial relevancia a adecuación da actividade investigadora da persoa solicitante ao proxecto científico da unidade receptora. Puntuación: de 0 a 50 puntos.

2º. Participación en programas, proxectos ou contratos de I+D+i. A dirección ou coordinación científica de grupos, de proxectos de investigación, de equipamentos ou de instalacións singulares. Valorarase a implicación directa en proxectos ou contratos internacionais de investigación como accións relacionadas cos programas do Consello Europeo de Investigación, outros programas competitivos do Programa marco ou outras axencias internacionais, así como o financiamento obtido de mobilidade internacional (experiencia pre ou posdoutoral en países distintos ao seu país de orixe, etc.). Darase especial relevancia a adecuación da actividades investigadora da persoa solicitante ao proxecto científico da unidade receptora. Puntuación: de 0 a 50 puntos.

Valóranse unicamente os méritos que tiveran acreditados debidamente na data límite do prazo de presentación de solicitudes.

| |
|-----------------------------|
| Modalidade retención |
|-----------------------------|

✓ **Requisitos**

As persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar en posesión do grao de doutor e que este fose obtido a partir do 1 de xaneiro de 2007. Entenderase como data de obtención do grao de doutor, a data do acto de defensa e aprobación da tese doutoral.

No caso das persoas investigadoras solicitantes que estean en posesión de máis dun título de doutor, o requisito anterior referirase ao primeiro dos títulos obtidos.

Cando concorra algunha das situacións que se citan a continuación, poderase aplicar unha ampliación da data límite para a obtención do grao de doutor indicada (1 de xaneiro de 2007), sempre que os períodos de interrupción derivados de tales situacións se producisen entre o 1 de xaneiro de 2007 e a data de peche do prazo de presentación de solicitudes e:

a) Períodos de descanso derivados de maternidades ou paternidades gozados consonte as situacións protexidas que se recollen no Réxime xeral da Seguridade Social. Aplicarase unha ampliación dun ano por cada fillo ou filla.

b) Grave enfermidade ou accidente da persoa candidata, con baixa médica igual ou superior a tres meses. Aplicarase unha ampliación igual ao período de baixa xustificado, redondeando á alza a meses completos.

c) Atención a persoas en situación de dependencia, consonte o disposto na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, por un período mínimo de tres meses. Aplicarase unha ampliación igual ao período xustificado, redondeando a alza a meses completos.

Estes períodos indicaranse e acreditarán debidamente no momento de presentar a solicitude.

2. Ter un mínimo de 4 anos de experiencia posdoutoral.

3. Contar coa acreditación para a categoría de profesor contratado doutor da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) ou da ACSUG.

4 Que estiveran contratados nunha universidade do SUG durante os 20 meses anteriores dos 24 inmediatamente anteriores á publicación da convocatoria..

✓ **Avaliación e preselección das solicitudes**

A avaliación e preselección a realizarase de acordo co baremo que se sinala a continuación:

Méritos curriculares da persoa candidata. Puntuación de 0 a 100 puntos.

1º. Relevancia e contribución da persoa candidata nos artigos publicados en revistas científicas, os libros ou capítulos de libros científicos e técnicos, os traballos presentados en congresos, as patentes concedidas ou licenciadas e, en xeral, calquera outra achega que permita valorar os diferentes aspectos da investigación, incluíndo a transferencia de tecnoloxía.. Puntuación: de 0 a 60 puntos.

2º. Docencia impartida, débese indicar en que universidade, centro e a que departamento e no seu caso CE estaba adscrito; se se trataba de docencia de grao, licenciatura ou equivalentes ou de máster, cursos en que se impartiu e horas. Puntuación: de 0 a 25 puntos.

3º. Participación en programas, proxectos ou contratos de I+D+i. A dirección ou coordinación científica de grupos, de proxectos de investigación, de equipamentos ou de instalacións singulares. Valorarase a implicación directa en proxectos ou contratos internacionais de investigación como accións relacionadas cos programas do Consello Europeo de Investigación, outros programas competitivos do Programa marco ou outras axencias internacionais, así como o financiamento obtido de mobilidade internacional (experiencia pre ou posdoutoral en países distintos ao seu país de orixe, etc.). Puntuación: de 0 a 25 puntos.

Valóranse unicamente os méritos acadados debidamente na data límite do prazo de presentación de solicitudes

4.-PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación das solicitudes **realizarase unicamente por medios electrónicos** a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, (https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/INV_preseleccionConcursoPublico.htm).

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela <https://sede.usc.es/sede/publica/informacion/aspectosTecnicos.htm> A documentación complementaria presentarase electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante.

O **prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria.

5.-DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación que se indica, que deberá ser presentada a través da Sede Electrónica:

4.1.-DOCUMENTO EN FORMATO PDF. DO CURRICULO VITAE, PREFERENTEMENTE NO MODELO DA PÁXINA WEB <https://cvn.fecyt.es/>, DESTACANDO OS MERITOS QUE SE ESTABLECEN COMO CRITERIOS DE

VALORACIÓN E QUE FIGURAN PARA CADA MODALIDADE

4.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE NA QUE A PERSOA INTERESADA MANIFESTA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE O CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS, A VERACIDADE DOS MÉRITOSE QUE PODE ACREDITALOS NA DATA FIN DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

A Universidade poderá requirir a exhibición dos documentos orixinais xustificativos dos méritos e requisitos.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, de calquera dato ou información na declaración así como a non presentación da documentación cando lle sexa requirida, determinará a exclusión do proceso de preselección, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que dea lugar.

6.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución no prazo de **5 días hábiles** seguintes ao remate do prazo de solicitudes, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos, que poderá consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>, con indicación neste último caso da causa/s de exclusión.

As persoas aspirantes excluídas, disporán dun prazo de **DOUS (2) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos ou acompañar os documentos que que motivaron a súa exclusión.

A emenda farase **UNICAMENTE** a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Santiago de Compostela.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídas na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. Esta listaxe, cuxa publicación farase efectiva no prazo de **3 días hábiles** a contar dende o remate de prazo de solicitudes para presentar emendas, poderase consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/-listaxe.htm>.

Contra a exclusión definitiva poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

7.-ORGANOS DE PRESELECCIÓN

Os órganos de preselección serán as seguintes comisións coa seguinte composición:

COMISIÓNS DE PRESELECCIÓN

1. Modalidade de atracción:

O presidente:

- Juan Lema Rodicio, coordinador da Agrupación CRETUS

Vogais:

- Carlos Diéguez González, director científico do CIMUS
- Dolores Pérez Meirás, directora adxunta do CIQUS
- Paulo Félix Lamas, director adxunto do CiTIUS

O secretario:

- Carlos Salgado López, director científico do IGFAE

2. Modalidade de retención:

O presidente:

- Pegerto Saavedra Fernández (área de Historia Moderna)

Vogais:

- María José López Couso (área de Filoloxía Inglesa)
- Antonio Luís Segura Iglesias (área de Fisioloxía Vexetal)
- Angel Luis Fernández González (área de Cirurxía)

O secretario:

- Antonio Mosquera González (área de Linguaxes e Sistemas informáticos)

Os seus membros deberán absterse de intervir cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da LRXSP debendo facer manifestación expresa das causas que concorran.

3. Logo da convocatoria da persoa que actúe como presidente/a constituirase a comisión. Na sesión de constitución a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso, que se recollerán na acta/s correspondentes..

4. As comisións especializadas de preselección poderán solicitar un informe experto externo para a valoración que formará parte do expediente.

8.-PROCEDEMENTO DE PRESELECCIÓN

FASE I

A preselección dos candidatos farase salvagardando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade pola correspondente Comisión de preselección, a cal, á vista das solicitudes e currículos presentados así como dos criterios de baremación publicados, soamente valorará aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

As propostas das comisións de preselección serán motivadas e recollerán a orde de prelación das persoas aspirantes preseleccionadas. A comisión poderá declarar deserta a preselección no caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos das persoas aspirantes mediante acordo suficientemente motivado que se incluírá na correspondente acta.

FASE II

Unha vez finalizada a actuación da comisión de preselección a persoa que actúe como secretaria presentará o expediente no Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D, que conterà;

- a) as solicitudes presentadas
- b) actas das diferentes reunións
- c) a proposta de preselección de persoas aspirantes ordenada pola puntuación acadada
- d) os recursos, se é o caso, que se presentasen contra as actuacións da comisión

A comisión de preselección disporá de **7 días hábiles** para elevar a proposta de preselección á Reitoría e publicala no taboleiro a contar desde a publicación da lista definitiva de aspirantes.

A resolución reitoral de preselección publicarase no taboleiro electrónico (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>.) no prazo máximo de **3 días hábiles** a contar desde a recepción da proposta de preselección.

Posteriormente e **unha vez publicada a convocatoria no DOG da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a atracción e retención de talento investigador na categoría de persoal investigador distinguido nas universidades do Sistema universitario de Galicia, as persoas preseleccionadas deberán cumprimentar a súa solicitude nos prazos e coa documentación requirida polo órgano convocante, e compartila na sede electrónica da Xunta de Galicia coa Universidade para que o representante legal poida asinala electronicamente.** A súa

solicitude será avaliada de conformidade co que se establezan nas bases do dito procedemento de concorrência competitiva. O feito de ter sido preseleccionado pola Universidade de Santiago de Compostela, non implica a obtención da axuda para a atracción e retención de talento investigador na categoría de persoal investigador distinguido.

Contra a resolución de preselección, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago/Compostela no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte á publicación no Taboleiro Electrónico da Universidade.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Así mesmo, os actos que se deriven das diferentes convocatorias e das actuacións das comisións de selección poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola LPACAP.

A interposición de recursos non producirá a interrupción ou suspensión no procedemento.

9-NOTIFICACIÓN ÁS PERSOAS ASPIRANTES

As publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven, que requiran publicación, para os efectos de notificación e de cómputo de prazos, realizaranse no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>), única notificación válida.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020

Por delegación do Reitor

(Resolución do 20/06/2018, DOG 29/06/2018)

O Vicerreitor de Investigación e Innovación,

Vicente Pérez Muñuzuri

(Documento asinado dixitalmente)

ANEXO I

Áreas da modalidade de retención

| Área ANEP | Áreas USC |
|------------------------------------|--|
| Bioloxía Fundamental e de Sistemas | Bioloxía Celular Microbioloxía |
| Filoloxía e Filosofía | Filoloxía Románica Literatura Español Lóxica e filosofía da ciencia |
| Historia e Arte | Historia Antiga Historia Contemporánea Historia da Arte Prehistoria |
| Tecnoloxía Química | Enxeñaría Química |

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF 33267295A, 03/01/2020 10:48:33.

CSV: DA8F-1C69-4406-9072